



AS NOSAS MULLERES: MARÍA MUÑOZ DE QUEVEDO

M^a Irene del Río Iglesias
Universidade da Habana

Pinceladas sobre a vida e obra de María Muñoz

María Muñoz del Portal nace na Coruña, o 27 de setembro de 1886. Filla de Anastasio Muñoz, coronel do exército español e Josefa Portal, ama de casa. A familia trasládase a Cádiz cando ela ten seis anos de idade. Alí, no ano 1892, realiza os seus primeiros estudos musicais no Conservatorio Provincial Santa Cecilia. Aos 12 anos licénciase de Teoría da Música, Solfexo e Piano, obtendo o primeiro premio en Piano e Harmonía. Fora membro do xurado nestes concursos o grande compositor Manuel de Falla, quen suxire ao pai de María que ela debía ampliar os seus estudos musicais en Madrid. En 1900 —con 14 anos— xa fora nomeada profesora da clase de lectura a primeira vista no Conservatorio onde se graduou.

A familia de María instálase en Madrid e matricúlase en 1901 no Real Conservatorio de Música, sendo alumna particular de Falla en piano, harmonía e composición.

En 1907 gaña o primeiro premio de piano e comeza a dar recitais por España, alternando xa as súas actividades pianísticas coa pedagogía. En 1915 María coñece ao estudante de enxeñería eléctrica Antonio Quevedo Sánchez, grande coñecedor da música e das artes plásticas. Por esta época relaciónanse con Juan Ramón Jiménez, Enrique Fernández Arbós e Adolfo Salazar, entre outros intelectuais, cos que establecen moi boas relacións que se manterían a través dos anos. Casan o 19 de agosto de 1919 en Madrid e chegan o 6 de outubro á Habana, en viaxe de lúa de mel. Viaxaron no mesmo barco que Amadeo Roldán, quen visitaba Cuba por primeira vez. Na viaxe el tocaba o violín e ela o piano, xunto con César Pérez Sentenat, o avogado Alejandro García Caturla e Nadia Boulanger. Todos eles crearon uns anos máis tarde a Sociedad de Música Contemporánea de Cuba que María chegou a presidir.

O matrimonio, radicado na Habana, integrouse inmediatamente á vida musical crioula e traballou moi duro para colaborar no desenvolvemento cultural do pobo cubano. Desde 1920 relaciónanse coas figuras máis

destacadas da arte e a literatura cubanas. María dedicábase a dar clases particulares e ofreceu o seu primeiro concerto de piano no Teatro Nacional (hoxe Gran Teatro de La Habana) no mesmo ano 1920.

O 23 de xuño de 1922, tamén no Teatro Nacional, organizado pola Sección de Belas Artes do Centro Galego presentouse nun recital de piano coa súa primeira mostra documentada de música galega: “Galicia”, tres alboradas clásicas, obra anónima do século XVIII (“O Tamboril, O Feitizo e Volvoretas”). O crítico musical José López Goldarás, desde as páxinas de *El Diario de La Marina* do día 24, diría ao respecto:

(...) reveló que sabe sentir hondamente la música gallega y transmitió la impresión con inspiración admirable. (...)

En 1923 funda co músico vasco Pedro Sanjuan o Conservatorio Escuela Filarmónica Nacional ocupando o cargo de Directora e impartindo clases de piano e harmonía.

Pero en 1925 renuncia ao seu cargo nesta escola e María funda o seu propio Conservatorio, chamado Bach onde aplica as experiencias pedagóxicas aprendidas do seu mestre Falla. Alí desenvolve a súa vocación apaixonada polo ensino do piano e a música en xeral. Dado o alto nivel das actividades artísticas e literarias que se efectuaron no Conservatorio Bach, este chegou a ser o centro de reunión de persoeiros cubanos e estranxeiros.

En novembro de 1927 aparece o primeiro exemplar da importante revista bimestral *Musicalia* fundada, en colaboración con Quevedo e da cal foi a súa Directora. Esta revista foi durante varios anos a mellor publicación musical de toda América.

Federico García Lorca de visita na Habana frecuenta a casa dos Quevedo e en varias ocasións eles reuniron a alumnos e amigos para escoitar a Federico recitar cancións populares de España.

En 1931 funda a Sociedad Coral de La Habana, composta neste momento por 41 cantores. Un día ficara abraiada ao escoitar ao compositor Eliseo Grenet dicir que o pobo de Cuba danza mais non canta. Desde entón ela empeñouse en poñer o seu gran de area para que o pobo cubano cantase colectivamente.

E así o mércores 25 de novembro de 1931¹, no Teatro Principal de la Comedia ten lugar o primeiro concerto da Coral auspiciado polo Instituto Hispano-Cubano de Cultura. O acto está precedido por unha conferencia pronunciada por ela co título: “Pueblo. Panorama y folklore Hispánicos”. Obtén un éxito rotundo e a revista *Carteles* faise eco deste importante feito xa que, como lembran María Teresa Linares, Argeliers León ou Gisela Hernández, María Muñoz de Quevedo inaugurou un novo período na cultura musical cubana.

¹ O primeiro concerto público da Coral ten lugar o 21 de xaneiro de 1932 no Teatro Nacional.



Estimulados pola magnitude da súa obra, comezaron a producir música coral moitos compositores cubanos, contando hoxe Cuba con unha considerable produción de diferentes estilos e xéneros.

Así, a petición de María escribiu Amadeo Roldán, dedicado á Coral, o son “Curujey”; Alejandro García Caturla “El caballo blanco” e “El Cafetal”; Emilio Grenet “Maracas y bongó”; Gonzalo Roig unha versión de “Lamento negroide”; Jorge Anckermann “Sueños perdidos”; Guillermo Tomás “Quisiera ser el césped”; e Félix B. Caignet “Carabalí”.

A institución tamén estrea en Cuba, entre outras pezas a destacar, en colaboración coa Orquestra Filarmónica, dirixida por Amadeo Roldán, a *Novena Sinfonía*, en Re menor, Op. 125 de Beethoven, o 19 de febreiro de 1933.

O 13 de outubro de 1934, na Aula Magna da Universidade da Habana, a Coral inaugura as actividades da Sociedad Musical Universitaria pronunciando María Muñoz a conferencia: “Impronta de la Música en la Universidad”.

Tamén a Coral colabora coa Sociedade Pro Arte Musical no primeiro Gran Festival da súa Escola de Ballet presentando *El príncipe Igor* ou, uns meses máis tarde, o ballet *Forma*, con texto de José Lezama Lima e música de José Ardévol, estando interpretado por Alicia e Fernando Alonso e Alexandra Denisova. Co seu asesoramento e a actuación da Coral, unha das súas funcións conmemora a Primeira Reunión de profesores españois no exilio, o 1 de outubro de 1943, no Teatro Universitario, representándose a traxedia de Eurípides *Hécuba*.

María desenvolveu o seu traballo en toda a Illa e estableceu filiais da Coral en Santiago de Cuba, Manzanillo ou Camagüey.

María e Antonio estableceron un Padroado para a Coral de La Habana, conseguindo unha subvención do Estado. Este padroado foi unha sociedade mutualista de voluntarios amantes das Artes Plásticas e perseguía un fin

social. María estimaba que as artes, polos seus valores estéticos, debían relacionarse entre si.

No ano 1935 María Muñoz comezara a escribir artigos de temática musical na revista *Social*, tarefa que comezara dez anos antes na revista *Pro-Arte* e logo continuaría en *Musicalia*. Durante varios anos proseguiu este traballo didáctico de divulgación en publicacións como as Revistas *Isla*, *Lyceum*, *Carteles* ou *Revista Cubana*.

Dictou conferencias musicolóxicas en diferentes sociedades e participou en ciclos radiados organizados pola Institución Hispanocubana de Cultura.

O 20 de maio de 1935 funda e dirixe a Cantoría de la Casa de Beneficencia y Maternidad, composta por 150 voces mixtas de escolares e xa en 1936 realiza o seu primeiro ensaio de incorporar a música e o canto coral á escola primaria. No ano 1938 María recibe o nomeamento de Directora do Departamento de Música do Instituto Cívico Militar de Ceiba del Agua e organiza unha nova Cantoría entre o seu alumnado, composto por nenos e adolescentes. Xa no ano 1941 crea o coro do Colexio Dominicanas Francesas, con 80 alumnas dese internado.

En 1937 a Coral, xunto á súa fundadora, inaugurou os concertos sacros de Semana Santa na igrexa del Angel e na Catedral da Habana, labor que continuaría ano tras ano, sen interrupción, ata o seu falecemento. Nestes concertos escoitáronse valiosas obras polifónicas de Palestrina, Victoria, Lassus, Haydn, ou Allegri.

Desde 1941 ata 1945 foi profesora do “Curso de Música Folclórica de Cuba” na Escola de Verán da Universidade da Habana. O programa universitario desenvolvido por María, dentro do limitado das seis semanas (16 horas) que duraban aqueles cursos, abría un novo estilo de traballo para achegarse ao coñecemento da música. Plantexábase unha base metodolóxica que se apartaba considerabelmente do anecdótico ou do meramente descritivo. O desenvolvemento do programa poñía ao día a crítica musicolóxica, dando un salto metodolóxico respecto ao que era usual en Cuba naqueles momentos; mesmo sobrepasando, en certos aspectos, o nivel que acadara noutros países. Argeliers León² recolle no seu artigo “Historia para la Historia”, incluído no *Boletín Música* de 1973, a programación deste curso de verán no cal se inclúe un acápite dedicado ás relacións entre a música cubana e a española así como un apartado dedicado á música galega.

Por outra banda, impartiu cursos de Organización e Dirección coral en centros educacionais e en diferentes institucións profesionais tanto privadas como públicas.

Tamén se debe a ela a creación en 1942 do Coro da Universidade da Habana, integrado por 60 voces mixtas da Alma Mater. A primeira aparición en público da Coral Universitaria, baixo a súa dirección, interpretando o Himno Nacional cubano, así como obras de Bach, Schubert, Tomás, Dubois e Salazar tivo lugar o 7 de xaneiro de 1943 na Aula Magna da Universidade da Habana, como homenaxe a un grupo de profesores e profesoras con máis de 30 anos dedicados á docencia. A Coral Universitaria colaborou co Teatro Universitario.

² Argeliers León: compositor e musicólogo cubano. Investigador do “Instituto de Etnología de la Academia de Ciencias” de Cuba. Asesor do Departamento de Música da “Casa de las Américas”.

Foi nomeada pola Dirección de Cultura do Ministerio de Educación, membro dos xurados para os Concursos Nacionais de Música. Foi enviada polo Goberno cubano en misión artística a México, á fronte da Cantoría do Instituto Cívico Militar por mor da toma de posesión do Presidente Avila Camacho. Participou en actividades culturais organizadas polos gobernos dos Aliados durante a 2^a Guerra Mundial. Membro vitalicio da Sección de Música da Asociación de Escritores e Artistas Americanos. Así mesmo participou, con profesorado emigrado español, na Inauguración do Instituto de Estudios Superiores.

Un aspecto bastante descoñecido de María é que tamén foi unha profesional da pintura, titulada pola Universidade de Artes Plásticas de Madrid. É unha pena que só se conserven dous cadros pintados por ela. María Muñoz foi a primeira persoa que se acolleu á cidadanía cubana pola Constitución da República no ano 1940³.

A súa penúltima actuación ten lugar o 18 de abril de 1946, no Teatro Auditorium. Nesta ocasión a Coral de La Habana e as súas catro fundacións: a Cantoría de la Beneficencia, a do Centro Superior Politécnico, o Coro xuvenil das Dominicanas Francesas e a Coral Universitaria, ofrecen en primeira audición en Cuba a *Cantata 140*, de J. S. Bach. O seu labor de dirección da Coral, momentaneamente, proségueo unha das súas alumnas e auxiliares de dirección: Gisela Hernández. A enfermidade que minaba o seu organismo (leucemia) agudizábase. Durante varios meses lóitase pola súa vida e un forte tratamento faina recuperarse aparentemente, reintegrándose ao seu posto como Directora da Coral.



O 3 de outubro de 1947 é a data da súa derradeira aparición á fronte da Coral (dezaseis anos despois da súa creación), falecendo en decembro de 1947.

Cubana por nacionalización, esta galega realizou en Cuba un dos labores máis fecundos que se poidan imaxinar na divulgación da música coral.

³ No intre de asinar o documento de adopción da cidadanía comentou que quería moito a Cuba, pero que sempre a lembranza de España estaría no seu corazón e que quería da súa terra natal ata as pedras dos seus edificios.

As súas relacións con García Lorca

María e Antonio coñecen a García Lorca seis anos antes de ser asasinado en Granada. Feito denunciado ao Orbe, como é sabido, polo poeta Antonio Machado.

Federico chegou á Habana na primavera do ano 1930. Visitou a María e a Antonio para saudalos e entregarlles un obsequio que lles enviaba Falla e que era unha música del, aínda inédita, inspirada no folclore español. María inmediatamente interpretouna ao piano. Isto motivou a Federico a acompañala e a cantar o seu cancionero xitano.

Lorca, aínda que se hospedaba nun pequeno hoteliño da Habana Vella, con frecuencia visitaba a casa de María e Antonio comentando que esa era a súa “casa cubana”. Certo día confesoulles que en Cuba pasara os mellores días da súa vida pero que facía falta en España.

Dona Vicenta Lorca, en carta que lle enviou a María, comentáballe: “Mi hijo habla con tanto entusiasmo de Cuba que yo creo que le gusta más que su tierra”. En 1934 Federico escribíalle a María e a Antonio comunicándolles o seu desexo de regresar á Illa.

Un poema que dedicou Federico a Fernando Ortiz publicouse na revista *Musicalia*. Nos últimos días de Federico en Cuba asistiu á inauguración da Sociedad de Música Contemporánea, presidida por María, e ofreceu unha conferencia na Sociedad Hispano-Cubana de Cultura, que titulou “Canciones de Cuna”, a cal tamén se publicou na revista *Musicalia*.

No devandito artigo de Lorca presenta Federico diversos tipos de cancións que responden a un modo característico desde o punto de vista melódico. Son cancións que non recibiron influxo, melodías fixas que non poden viaxar nunca. Pero afirma Lorca tamén que existen un grupo de cancións galegas ou asturianas, que tinxidas de verde descen a Castela, onde se estruturan ritmicamente, e chegan ata Andalucía. Afirma que moitos acentos da muiñeira circulan polas melodías de certas danzas rituais e cantos dos xitanos do Sur:

Podríamos hacer un mapa melódico de España y notaríamos en él una fusión entre las regiones, un cambio de sangre y jugos que veríamos cambiar en la sístole y diástole de las estaciones del año.

María Teresa Linares, nas notas a este artigo, engade unha canción de berce galega moi semellante á recollida por Federico en Asturias:

Este neniño
que teño no colo
chamare Xan Benitiño
e Antonio
Dios que me deu
que m'ó crie logo
e que me quite
este entrenque
do colo.

Entre as nanas que García Lorca citara como extraordinarias polo dobre sentido das súas letras, M^a Teresa Linares atopa nas súas investigacións numerosos exemplos. Tamén recolle na Habana a especialista un exemplo dun ancián galego, quen á súa vez, escoitáralo cantar na Coruña cara a 1895:

Si me queres algo
 Vai o melonar
 Que de madrugada
 Ei d'ir a lavar
 Si me queres algo
 Salte pr'o camiño
 Que n'a madrugada
 Ei dir o moliño


Cancións en galego

Unha lista parcial (as interpretadas en máis dunha ocasión) das obras galegas estreadas pola Sociedad Coral de La Habana é a seguinte:

- De BENEDITO, RAFAEL: “Alalá de Monforte” e “Unha Ruada”.
- De FERNÁNDEZ, PADRE LUIS M.: “Camiña Don Sancho” e “Romance de Doña Alda”.
- De MUÑOZ DE QUEVEDO, MARIA: “Mais ve...” melodía de Baldomir, harmonizada a 4 voces e solo de barítono. Esta é a única obra do repertorio que interpreta a Sociedade Coral que foi harmonizada por ela.
- De OTAÑO, PADRE NEMESIO: “Negra Sombra”.
- De VEIGA: “Alborada” . O arranxo coral é de María Muñoz de Quevedo.
- E tamén a canción popular “Axeitam’ a polainiña”.

A Coral de La Habana incluiu con moita frecuencia no seu repertorio cancións populares galegas, así como poemas de escritores galegos como Rosalía de Castro ou Curros Enríquez musicalizados e harmonizados para versión coral. Nas notas aos programas da Coral atopamos os principais datos bio-bibliográficos dos compositores así como a letra das obras en galego.

Xa no primeiro concerto dado pola Coral o 25 de novembro de 1931, cantouse na segunda parte do programa o “Alalá de Monforte” musicalizado por Rafael Benedito e harmonizado para cinco voces e solo de soprano. Interpretaron tamén neste concerto inaugural dous temas cataláns: “La Dama D’Aragó” e “El Cant des Aucells” de Luis Millet; unha asturiana, “Molinera” de Nemesio Otaño; outra de León (A Bañeza), a “Tonada de Ronda” de Benedito, así como unha canción cubana de estrea ese mesmo día “El Caballo Blanco” de Alejandro G. Caturla.



O “Alalá de Monforte” volveu ser cantado en múltiples ocasións pola Coral habaneira baixo a dirección de María Muñoz. Rexistramos no ano 1932 tres audicións⁴. En 1933 cántase nunha única ocasión: o 26 de xullo, no Teatro Nacional. Este é o primeiro programa consultado que inclúe unhas explicativas “Notas al Programa”, pero non comenta nada aínda sobre o Alalá. En 1934 interpretáno noutras tres ocasións⁵. Nunha delas, o 6 de maio, comeza unha serie de colaboracións da Coral coa Orquestra Filarmónica, dirixida por Amadeo Rodán. O “Alalá” escóitase novamente en 1935⁶, en 1937 (o 9 de maio, nunha homenaxe da Coral aos Nenos Cantores de Viena), en 1938 (o 20 de marzo), e o 25 de xullo de 1942.

A xustificación da reiterada aparición do Alalá de Monforte nos programas da Coral, unha das obras máis fermosas do repertorio de María Muñoz de Quevedo é, segundo ela mesma explica, motivado pola grande demanda do público.

“Axeitam’a polainiña”, inclúese por primeira vez o 9 de agosto de 1934 na 2ª parte dun concerto de divulgación artística dedicado aos Centros Educativos da Habana. A seguir aparece no mesmo programa en primeira audición “Mais vé...”⁷, coa aclaración de ser esta unha melodía galega inspirada sobre un poema de Rosalía de Castro, composta polo galego Baldomir e harmonizada para voces mixtas por María Muñoz. Sobre o poema de Rosalía engádese nas notas ao programa do 5 de decembro de 1934 que “Rosalía de Castro levou a su libro de versos Follas Novas toda la melancolía del paisaje gallego”, e califícaa como “desolada y profunda poesía”. O texto do poema é engadido o 15 de agosto de 1935.

O venres, 8 de marzo de 1935, no Teatro Principal de la Comedia, interpretan en primeira audición “Negra Sombra” con melodía de Montes

⁴ No Teatro Nacional, o xoves, 21 de xaneiro de 1932, ás 9 p.m. na terceira parte do programa e o sábado 9 de xullo de 1932, no Auditorium de Calzada e D, a seis voces e solo de soprano. Nesta ocasión a solista do “Alalá de Monforte” é Enriqueta Fabregat de Agramonte. Tamén o 25 de novembro de 1932, no salón do Hotel Nacional, nun Concerto dedicado á prensa da Habana para conmemorar o primeiro ano de vida da Coral. Abrindo a 2ª parte, o “Alalá” foi interpretado pola solista Mary Seco.

⁵ O 6 de maio de 1934, o 9 de agosto de 1934 e no concerto inaugural da “Sociedad Musical Universitaria” o 13 de outubro de 1934.

⁶ O 20 de xuño e o 25 de xullo de 1935.

⁷ “Mais ve...” volve escoitarse, entre outras ocasións, o 21 de agosto de 1942, na Escola de Verán da Universidade da Habana, despois de entoar os Himnos cubano e norteamericano e antes de rematar co Himno da Universidade e o 8 de setembro de 1942.


e refundición e harmonización de Nemesio Otaño⁸. No programa alén de reproducir os versos en galego do poema da nosa xenial poetisa, María di:

Esta composición ha sido objeto de largos ensayos (...) “Negra Sombra” es una de las obras corales más difíciles que ha cantado hasta ahora la Coral de La Habana.

O 18 de xullo de 1935, nos xardíns de La Tropical entoan en primeira audición “Una Ruada”, coa harmonización de Benedito. Nas notas deste programa, María ademais de citar o cantar, explica o que significan en galego “ruar”, “muiñeira” e que é o que se entende por unha “ruada”, evidenciando así un interese lexicográfico inusitado para o seu contexto xeográfico e cronolóxico:

Una “ruada” es un canto de camino, que adopta a veces la forma de danza cantada, como la “muiñeira”. Según Pedrell, la muiñeira es un vivo recuerdo de las costumbres griegas.

Hai que salientar o especial interese que presenta a revista da Sociedad de Beneficencia de Naturales de Galicia cun número dedicado integramente á “Fiesta de la Música Gallega”, o 25 de xullo de 1935, evento celebrado no Teatro Nacional da Habana. Este exemplar, de gran valor historiográfico e musicolóxico para a cultura galega, inclúe entre outros un artigo de Jorge García Acuña sobre a música popular galega. A pé de páxina engádense uns datos bio-bibliográficos sobre García Acuña⁹. Este, despois de describir a “jocunda” alborada, “himno mañanero al sol”; la “briosa” muiñeira, “danza guerrera”; a regueifa “donairoza y retadora”; o canto do pandeiro, “jugoso de vivacidad y alegría”; o “dulce y melancólico” alalá; e o “barudo” aturuxo, “ululante grito de guerra”, remata dicindo:



⁸ “Negra Sombra” tamén se cantou o 25 de xullo de 1935, o 7 de outubro de 1937, o 26 de xuño de 1941 e o 16 de febreiro de 1943.

⁹ Nado en Betanzos no 1872. Fillo de pai asturiano e nai cubana. Foi Vicecónsul de España en Cuba en 1896, Cónsul en varios países, e foi tamén Delegado de Belas Artes na Coruña, recibindo numerosas condecoracións ao longo da súa vida. No seu artigo Acuña, despois de falar da importancia da música como estímulo da “rexionalización” e da súa diferenciación, matiza ben a diferenza que existe entre a música andaluza e a española en xeral, sen adentrarse nas modalidades psicolóxicas que caracterizan e diferencian a alma andaluza e aplicando a teoría do “rexionalismo da arte”: “Pocos países poseen un tesoro musical tan rico, variado y bello que pueda parangonarse con el que es legítimo orgullo de Galicia”.

“Y el leit-motiv de toda música popular gallega parece cifrarse en el sentido ancestral de aquellas estrofas del poeta:

¡Fillos de Galicia, afiade as fouces
qu’a redenta aurora véese amanecer
Y-un querer
Un dia de gloria vos ha de tragner!

No mesmo número da revista da Sociedad de Beneficencia¹⁰ aparecen tamén os seguintes artigos: unha historia da Sociedade de Beneficencia, unha relación dos “Legados hechos a favor de esta Sociedad desde el día de su fundación”, a relación dos membros da súa Xunta Directiva dese ano, e outro artigo sobre o Comité de Damas da Beneficencia Galega. A seguir unha historia da Sociedad Coral de La Habana.

Nesta data actuaron, conmemorando o Día da Patria Galega, alén da Coral dirixida por María Muñoz, a Banda de Música del Cuartel General, a Estudiantina Cuba, institución musical constituída exclusivamente por mulleres, e a Orquesta Filarmónica da Habana.

A Filarmónica, baixo a tutela de Amadeo Roldán, interpretou a obertura da ópera de temática galega, cuxa autoría se debe ao compositor madrileño de Gregorio Baudot: “Cantuxa” (Cancionera). Na revista inclúese un artigo sobre el de quen se di que tamén compuxo “Os fillos de Canido”.

Unha segunda parte desta rica publicación da Sociedad de Beneficencia ábrese, tras expoñer o programa, cun artigo sobre a “Música e Cantares de Galicia” de Eugenio Carré Aldao. Nel describíense as características das cancións da “variada y riquísima” música popular galega: as Alboradas, os Alalás, as Muiñeiras e os Cantares de Pandeiro. Tamén fala dos cantares de “Ani-novo, Reises, Mayos, Villancicos, Regueifas, arrollos ou Cantares de berce, cantares ou romances de ciegos”, cito:

Los cantares gallegos pueden dividirse en sentenciosos y epigramáticos, históricos y de sentimiento, y sirven para dar a conocer las costumbres generales o de cada comarca. Todos ellos son inventados en ésta o en la otra parroquia, donde quedan pasan a las demás, no pudiendo por eso señalar el punto de origen. Así nos lo hace saber la copla:

O cantar d’aló d’arriba
Vénchenos d’aló d’abaixo,
Qu’o trouxeron duas nenas
Na bolsa do seu refaixo.

Carré Aldao remata o seu artigo facendo unha relación dos compositores galegos “que estilizaron la música popular” ao longo dos séculos XVIII e XIX (Carlos Patiño, Marcial de Adalid, Marcial de Torres Adalid, Juan Diez Ortega, José Pacheco, Manuel Martí, Manuel Chaves, Canuto Berea, Isidoro Blanco, Varela Silviri, Pacual Veiga, Juan Montes, José Graña Muiños, José Castro

¹⁰ A entidade societaria galega máis antiga de toda América, xurdiu en 1871.

“Chané”, Hilario, José e Ricardo Courtier, Prudencia e Francisco Piñeiro...)



Finalmente o boletín deste 25 de xullo de 1935 inclúe unha historia da Orquestra Filarmónica de La Habana e unha sección de fotos titulada “De Nuestras Fiestas” na cal se ven imaxes da xente bailando a muiñeira nunha festa popular e a hora do xantar nunha romaría galega. Pecha o boletín unha carta de resposta da Sociedad Coral Polifónica de Pontevedra dirixida á Sociedade de Beneficencia da Habana agradecendo pero devolvéndolle un donativo:

(...) mercedor de nuestras mayores simpatías y modesto pero entusiasta apoyo en nuestra dualidad de cultivadores del arte coral y de gallegos. (...) La labor a un tiempo benéfica y cultural que Uds. realizan prestigia el nombre de nuestra tierra.

O Programa deste día de festa para a nosa cultura contempla un amplo e íntegro repertorio de música galega e comeza cun concerto da Banda del Cuartel General que interpreta a “Fantasía de aires gallegos” e a “Sonata Gallega” de Montes, “Unha festa na Tolda” (Lugo) de Freire e a muiñeira “Flor de Cardo” de R. Courtier.

A Estudiantina Cuba vai seguir coa “Alborada” de Caballero e o “Pasodoble de aires gallegos” de Montes.

Baixo a dirección de María Muñoz, todos interpretan “Bágoas e sonos” de Marcial de Adalid, “Cómo foy?”, con melodía de Baldomir, “A Nenita”, de melodía de Lens Viera, “Un Suspiro” de Berea, “Golondrón da Maruxa” de Vives, “Balada” de L. Taibo, “Os teus Ollos” de José Castro “Chané”, a “Balada” de Montes, “Anduriña do mar” de J. Guede, “Veira do mar” de Soutullo, e a música popular “Canta o galo, ven o día” e “Axéitam’a polainiña”.

A Orquestra Filarmónica, dirixida por Amadeo Roldán, interpreta

en cuarto lugar a obertura de “Cantuxa”, o preludio do 2º acto de “Amores de Aldea” de Soutullo, e o intermedio da “Maruxa” de Vives.

A Sociedad Coral pola súa banda interpreta en primeira audición “Camiña Don Sancho” e o “Romance de doña Alda” do compositor Fr. Luis M^a Fernández. Tamén se estrea nesta ocasión a “Alborada de Veiga” con arranxos para voces mixtas de María Muñoz de Quevedo, sendo interpretadas ademais “Mais ve...”, “Unha ruada”, a balada “Negra Sombra” e o “Alalá de Monforte”.

– Nas notas ao programa reproducécese o texto do romance “Camiña Don Sancho”, o cal é clasificado como peza tradicional da primitiva lírica galega, e infórmase do seu compositor, o Padre Luis María Fernández.

– Da antiga melodía do “Romance de Doña Alda”¹¹, dise que está inspirada no bárbaro ambiente medieval de incruentas loitas e apaixonados amores, onde as donas entoaban as súas coitas ao laud e os trovadores as difundían na súa fecunda misión literaria. Foi estilizada polo mestre Luis M^a Fernández nunha harmonización que cantou excelentemente a Coral da Habana.

– Nos comentarios da “Alborada” de Veiga¹², alén de reproducirse o poema, dáse a definición deste xénero musical, así como os principais datos biográficos de Pascual Veiga. Afírmase que a este gran pianista mindoniense, organista e compositor da Alborada así como de innumerábeis melodías, cantos escolares, música relixiosa ou obras para voces e órgano é a quen se lle debe o rexurdimento do gusto musical en Galiza, sendo fundador e inspirador de varias masas corais e creador dunha escola rexional galega.

Afírmase este 25 de xullo de 1935 que a letra da “Alborada de Veiga” está inspirada na poesía “A sega” do poeta lucense Aureliano J. Pereira e dise que “A Alborada” primeiro foi escrita para logo ser instrumentada para orquestra e banda. Engádesse que as dificultades case insuperábeis de adaptar ao pentagrama o ambiente musical do canto popular foron vencidas por Veiga cunha mestría da cal ben poucos exemplos poderían citarse en España.

O 15 de agosto de 1935, na homenaxe a Lope de Vega con motivo do 3º centenario da súa morte, a orquestra coral da Habana, na praza da Catedral inclúe na 2º parte do seu programa “Máis ve...”, a “Alborada” de Veiga, e na 3ª parte “Camiña Dom Sancho”¹³ xunto a espirituais negros, música clásica de Haydn e vasca, catalana e afrocubana. Este programa contén un artigo do coruñés José Rubinos, S. J. Titulado “Lope de Vega monstruo de la Naturaleza”.

¹¹ O “Romance de Doña Alda” escóitase tamén o 25 de setembro de 1936 e o 4 de marzo de 1937.

¹² “A Alborada” volve aparecer o 4 de xuño de 1936, no Lyceum e en dúas ocasións en 1937 (o 21 de xaneiro de 1937 e o 4 de marzo de 1937). Tamén o 12 de outubro de 1942, dentro do programa da “Gran Fería de las Naciones Unidas”. Este mesmo programa divulga a actuación de 10 bailarinas e 20 coristas no Barrio Español, (na Praza de Armas) interpretando a muiñeira de “Maruxa”. Na sección dos Bailes Populares houbo un concurso de bailes “rexionais”: muiñeiras, sardanas, iotas, etc.

¹³ Sobre “Camiña Dom Sancho” coméntase nesta ocasión que este romance o recollera en Asturias, na súa forma tradicional, o filólogo don Pedro José Pidal, reproducindo a versión que figura no “Apéndice al Discurso Preliminar” do “Romancero” que publicou Durán na biblioteca de Rivadeneira, e que comeza así:

“Camina Don Bueso —mañanita fría— A tierra de mouros —a buscar amiga...”

“Camiña Don Sancho” cántase de novo o 4 de xuño de 1936 e o 25 de setembro de 1936.

A partir deste momento, desde agosto de 1935 a novembro de 1937, aparece en tres ocasións no repertorio da Coral o dúo integrado polas cancións “Mais ve...” e “A Alborada”¹⁴.

Como dato curioso lembrar que o 20 de marzo de 1938, co patrocinador da corporación cubana de turismo, no Hollywood Beach Hotel de Miami a Coral interpretou “Ruada e Alala”, a “Alborada” de Veiga, e o 21 de marzo de 1938, nun segundo recital no mesmo hotel, “Mais ve”.

No Diario de la Marina do 30 de setembro de 1941 aparece a reseña dun concerto ofrecido o 28 dese mes no Centro Galego da Habana. Lamentablemente non se conserva o programa deste día.

O 25 de xullo de 1942, a Sociedad de Beneficencia de Naturales de Galicia volve organizar coa Coral unha velada artístico-literaria nos salóns do Pazo do Centro Galego. Cántase o Himno cubano, o Himno galego e o Himno “América inmortal”. O coro infantil do cadro de persoal Concepción Arenal interpretou o punto crioulo “Tengo una famosa vega” de Anckermann.


A Coral canta nesta ocasión o “Alalá de Monforte” e “Unha Ruada” de Benedito, “Camiña Don Sancho”, “Mais ve” (coa xa coñecida harmonización de María) e a “Alborada” de Veiga. Mentres, o Coro Típico “Salayos”, dirixido polo mestre Verdini, con acompañamento de gaita e por cortesía da Agrupación Artística Gallega interpreta: “Airiños, Airiños, Aires”, “Pasei a ponte da Vila”, “Barqueiro de Ribadavia”, “Nosa Señora de Meira”, “As mozas de Vilanova”, “Déixame unha prenda túa” e “Muiñeira”.

Nesta ocasión o Padre José Rubinos S.J., profesor do colexio de Belén, pronunciou un discurso sobre a Real Academia Galega á vez que foi nomeado Capelán de Honor da Sociedade de Beneficencia.

En canto á relación coa cultura catalana, por só citar un exemplo, o “diumenge, set de maig” de 1944, coa orquestra do Mestre Balcells, dentro da solemne sesión dedicada aos “Jocs Florals” de Cataluña, cantaron o Intermedio da Maruxa de Vives.

O 11 de novembro de 1945, dentro da “Festa de les Estrenes”¹⁵, e despois dun recital de poesías e narracións catalanas, a Coral canta de novo a “Alborada” de Veiga, con arranxos para coro mixto de María Muñoz, alén de “L’Emigrant” de Vives, e da canción vasaca “Itzaya”, entre outros temas.

Despois da morte de María, asume a dirección da *Coral Gisela Hernández*



¹⁴ O 24 de agosto de 1935, o 16 de abril de 1936, o 21 de novembro de 1937.

¹⁵ “a profit dels nostres vellets i desvalguts da Societat de Beneficencia de Naturals de Catalunya”, no Teatro Fausto, despois da proxección duns documentais que lembran os Festivals na ermida de Montserrat e os “Jocs Florals de la llengua catalana” e dunha conferencia “Así somos los catalanes” de Josep M. Labraña.

*Gonzalo*¹⁶ quen o 11 e o 16 de decembro de 1949, seguindo a tradición inaugurada por María Muñoz cos concertos de Nadal, inclúe un vilancico galego: “El niño pobre”, con arranxos de Erickson. O Padroado da Sociedade Coral, repite o tema no concerto do 18 de decembro de 1949¹⁷. Di Antonio Quevedo nas notas a este programa:

Villancico popular gallego muy original por su estructura rítmica que realizan las voces de hombres, mientras las voces femeninas entonan un alegre melodía.

Conclusiones

Adolfo Salazar escribira en México no ano 1948, na revista trimestral *Nuestra Música* o artigo “María Muñoz de Quevedo, In Memoriam”:

Para darse una idea de la labor de María Muñoz en La Habana (...), es bueno leer alguna página de Alejo Carpentier. El agudo escritor cubano nos informaba, hace poco, del estado de la cultura, o del gusto musical en su país por esa época. Era, poco más o menos, el mismo que en el resto de la América Española: operofilia y belcantismo, por junto, con algún ramalazo que otro de virtuosismo pianístico o violinístico. Tampoco las cosas eran más brillantes en la madre patria, por entonces (...). Desde la llegada de los Quevedo y, poco después de ellos, la de Pedro Sanjuán, una época, que es la presente, se abre en la historia de la música cubana, o si se quiere, de la cultura musical en Cuba.

Onde queira que un coro cante en Cuba, estará presente a figura inspirada de María Muñoz de Quevedo. Ela non só estimulou asociacións corais senón que coas súas actividades propiciou a formación dunha escola coral cubana, dando a coñecer obras de compositores, tanto contemporáneos como de épocas anteriores. A esta singular muller, de fonda e poderosa personalidade, debemos o milagre de que se popularizase en Cuba a música de Palestrina, Victoria, Lasso ou Monteverdi, e o ter situado no coro polifónico de concerto de música a música popular de Roig, Grenet, Caignet, Anckermann, Tomás, Roldán, Caturla e outros notábeis folcloristas cubanos. Por unha banda interpretou a grande literatura coral europea e por outra estimulou a creación da música cubana coral, nunca antes abordada polos seus músicos. Así mesmo nunca esqueceu as súas raíces e a súa terra de orixe, harmonizando temas, preparando coros, divulgando e interpretando numerosas cancións en versión coral das diferentes culturas, nas súas respectivas linguas, que constitúen o estado español. Todo o contexto cultural hispano, e nomeadamente o galego, está representado nas actuacións da Coral que ela creou e dirixiu. Gracias ao seu labor, moitos galegos e galegas emigrantes en Cuba puideron disfrutar da rica música popular galega e de grandes poemas da nosa literatura clásica.

¹⁴ Cárdenas, 1912.

¹⁵ O vilancico repítese de novo o 12 de marzo de 1950.

Bibliografía citada

ECHEVERRÍA ACOSTA, Delia. *Pinceladas sobre la vida y obra de María Muñoz del Portal*. Sen publicar, Cidade de La Habana, 1993.

Entrevistas

LINARES, M^a Teresa e RIVERO, Cuca, en novembro de 2002.

Libros

MARTÍNEZ CARMENATE, Urbano. *García Lorca y Cuba: todas las augas*. A Habana: Centro de Investigaciones y Desarrollo de la Cultura Cubana Juan Marinello, 2002.

OROVIO, Helio. *Diccionario de la Música Cubana. Biográfico y Técnico*. A Habana: Ed. Letras Cubanas, 1992 (2^a ed. comentada e corrixida, da 1^a de 1981).

PIÑEIRO DIAZ, José. *María Muñoz de Quevedo, centenario de su nacimiento (1886-1986) y cincuenta y cinco aniversario de la fundación de la Sociedad Coral de La Habana*. A Habana: Ministerio de Cultura, Dirección de Patrimonio Cultural. Museo Nacional de la Música, 1986.

Artigos en revistas

GARCÍA LORCA, Federico. “Canciones de Cuna”. Revista *Musicalia*. A Habana (1942).

HERNÁNDEZ, Gisela. “Presencia de María Muñoz de Quevedo”. Revista *Pro-Arte Musical*, segunda época, ano X, nº 1. A Habana (xaneiro de 1958).

LEÓN, Argeliers. “Historia para la Historia”. Boletín *Música*, Casa de las Américas, Boletín nº 43, A Habana (1973).

LINARES, María Teresa. Notas ao artigo “Canciones de cuna” (García Lorca 1942).

SALAZAR, Adolfo. “María Muñoz de Quevedo”. *Nuestra Música*, revista trimestral. Ediciones Mexicanas de Música. México (xullo de 1948).

Del Río Iglesias, M^a Irene. “As nosas mulleres: María Muñoz de Quevedo”. *Actas do VII Congreso Internacional de Estudos Galegos. Mulleres en Galicia. Galicia e os outros pobos da Península. Barcelona 28 ó 31 de maio de 2003*. Ed. de Helena González e M. Xesús Lama. Sada: Edicións do Castro / Asociación Internacional de Estudos Galegos (AIEG) / Filoloxía Galega (Universitat de Barcelona), 2007. ISBN: 978-84-8485-266-7. Depósito Legal: C-27912007.

